

A ESTRUCTURA COMPARATIVA NA *CRÓNICA TROIANA*

Manuel Domingo Díaz Pérez

IESP de Rianxo

1. INTRODUCCIÓN

As estruturas comparativas a penas foron, ata agora, obxecto de atención específica nos estudos da Lingua Galega. Das chamadas comunmente «oracións comparativas» non se ten publicado ningún estudo sincrónico ou histórico. En xeral, os gramáticos soen sentir unha certa incomodidade diante deste tipo de construcións.

Pola nosa parte, imos tentar de facer un estudio descritivo da situación da estrutura comparativa no galego medieval centrándonos na obra *Crónica Troiana*. Recollemos, nun primeiro momento as estruturas que aparecen na obra e logo procuramos clasificalas, segundo explicamos máis adiante. Para concluír buscamos dar unha visión global do emprego da estrutura comparativa nesta época e, se é posible, establecer un paralelismo coa evolución posterior da mesma.

2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Temos que facer algunhas consideracións sobre o tratamento dado ás construcións comparativas:

- a) En xeral, a gramática tradicional actúa con criterios diversos: semánticos, formais..., que, en moitas ocasións, se superpoñen. C. Hernández, en referencia ás estruturas comparativas, afirma que o criterio semántico [non aparece nomeado explicitamente] dificulta o estudio deste tipo de oracións¹.

¹ C. Hernández Alonso, 1984, p. 111. “En el estudio de este tipo de oraciones se ha heredado un criterio, que no permitía ver con claridad la esencia y naturaleza de las mismas”.

O termo «comparación» ten, esencialmente, un valor semántico. O valor sintáctico da estrutura comparativa está acompañado sempre por esa caracterización significativa que trata de establecer-la relación entre dous ou máis conceptos para contrasta-lo grao dunha calidade ou establecer unha cuantificación, naqueles rasgos semánticos compartidos por todos eles, é dicir, no común a eses elementos.

b) Os nexos ou transpositores QUE/ CA (coas súas variantes, motivadas pola determinación do artigo, CÓ, CÁ, CÓS, CÁS)² / DO QUE/ COMO ~ COMA están situados no segundo termo e son os marcadores que establecen a delimitación entre comparante e comparado.

REFERENCIA	VALOR	TRANSPOSITOR
DIFERENCIACIÓN	+ / -	CA/ QUE/ DO QUE
IGUALDADE	=	COMO ~ COMA

Cadro 1

c) A condición necesaria para que se produza a comparación é a existencia de dous elementos que posúan algún risco semántico común para poder establecer un parangón.

Denominaremos T1 ó primeiro termo e T2 ó segundo termo³.

Estes dous segmentos da estrutura comparativa, considerados usualmente como oracións, poden ser construídos sen verbo expreso polo que non se achegan ó nivel de análise da oración e podemos afirmar que non todas estas construcións son estrictamente oracionais. S. Gutiérrez Ordóñez (1994, p. 21) afirma a necesidade dun verbo en posición nuclear para que o termo subordinado teña carácter oracional.

d) Algúns dos elementos comúns ós dous termos, que non son obxecto da comparación, ós que O. Pritz (1979, p. 269) chama *fondo común*, poden ser omitidos. A elipse de fúntivos é un recurso ó que tradicionalmente se vén acudindo con disparidade de criterios e naqueles casos onde non era doado atopar unha explicación de certos comportamentos sintácticos. Para interpretar adecuadamente algunhas estruturas sintagmáticas temos que recorrer, neses casos, a restablece-los elementos eludidos mediante o proceso que L. Hjelmslev denominou *catálise*.

Todos estes aspectos subxacen como condicionantes da análise sintáctica das estruturas comparativas e no estudio de cuestións básicas como:

- a– relación entre os dous segmentos de comparación, T1 e T2 ,
- b– función dos elementos de T1 e T2,

² A. Santamarina, 1974, pp. 16-30. Rexistra o predominio da forma *ca* nas orixes do idioma.

³ Empregarémo-la denominación T1 e T2 para referirmos ós dous elementos entre os que se establece unha comparación, seguindo a denominación utilizada por O. Pritz, 1979, pp. 261-278, aínda que xa con anterioridade a denominación “término” era utilizada por Carballo Calero, 1976, p. 175.

c– a ausencia dos constituíntes do fondo común ou elipse e as posibilidades limitadas de catálise.

3. A SINTAXE DA ESTRUCTURA COMPARATIVA

Da gramática tradicional herdámola clasificación da oración comparativa dentro do grupo das chamadas oracións subordinadas circunstanciais e, por este motivo, estimábase que o segmento subordinado funcionaba como un adverbio.

Alarcos⁴ pon en dúbida o seu carácter de subordinadas e aínda as considera coordinadas cando afirma que entre o *que* comparativo e a conxunción *y* non hai máis diferenza de valor semántico de T1 e de T2.

O. Prytz (1979, p. 269) rexeita esta afirmación de Alarcos e argumenta que ademais da diferenza dos valores semánticos dos termos unidos por *que* e *y* tamén existe a sintagmática, “*y* coordina, mentras que *que* subordina.

R. Álvarez et alii (1986, pp. 527-540) clasifican dentro das oracións bipolares, “presentan sempre dúas [cláusulas]”, co que parece que se sinala o seu carácter de estruturas paratáticas cerradas.

A. Santamarina (1974, pp. 16-30), no seu estudo sobre as partículas comparativas, afirma “a frase comparativa é, coidamos, sempre adverbial”, “Paréceme máis lóxico pensar nos segundos termos da comparación como adverbios estensos. Proba desto é que con gran frecuencia ese segundo término é sustituíble por un adverbio de cantidade non estenso: É [máis] ruín [ca un] veneno = É [moi] ruín, Come [coma un sabañón] = Come [moito], Isto está [máis lonxe [có fin do mundo]] = Isto está [moi] lonxe.” e engade que os seus relacionantes son *que* = *ca* e *como* = *coma*.

Nas gramáticas tradicionais do galego non se pode evidencia-la existencia dun verdadeiro adverbio comparativo e, por outra parte, o T2 non «acompaña» ó verbo de T1, nin o «cualifica», nin o «determina» e, polo tanto nada hai que nos permita esa consideración de adverbio.

Saco (1868, pp. 197-198) fala de “adverbios comparativos de cantidade” (*mais, menos*) e de “adverbios de cualidade igualmente comparativos” (*millor, pior*). En realidade estase referindo, no primeiro caso, a adverbios de cantidade ou de intensidade e, no segundo, a adverbios de modo.

Para Valladares (1970, pp. 40-41) “Fórmase el comparativo del positivo añadiéndole al efecto una de estas palabras *tan, como, mais, que*”, que supón unha mestura dos cuantificadores comparativos, pertencentes ó primeiro termo da comparación cos elementos de relación ou transpositores, que irían no segundo.

⁴ E. Alarcos, 1980 (3ª ed.), p. 205 afirma que “La diferencia entre /que/³ y la conjunción /y/ estriba, no en su función sintagmática, sino en los valores semánticos de los términos que unen”.

Nas gramáticas de Lugrís Freire (1922, p. 75) e de Carré Alvarellos (1919, pp. 11-12) *mais* é considerado adverbio de cantidade.

Carballo Calero (1976, p. 174) di, en relación co comparativo de igualdade, que se constrúe “anteponiendo al adjetivo el adverbio *tan*, y posponiéndole la conjunción *coma* [en edicións posteriores engadiría *como*].

A gramática funcional considera que o elemento cuantificador (*máis, menos, tan, tanto*), etc. desempeña a función sintáctica de adxacente do núcleo comparativo (NC) –nalgúns casos as formas sintéticas (*maior, menor, mellor, peor...*) cumpren esa mesma función–.

Se admitímo-la ‘equifuncionalidade’⁵, dos segmentos unidos por *ca / que* ou, como afirma C. Hernández (1984, p. 129), a ‘correspondencia’ entre os dous segmentos, temos que afirmar que o segundo ocupará a mesma función có primeiro. Tamén S. Gutiérrez Ordóñez (1992, p. 9) considera que hai correspondencia entre os funtivos de T1 e de T2 e mesmo afirma que existe paralelismo semántico, formal e funcional. R. Rivara afirma que en tódolos casos a estrutura da principal exerce un forte dominio sobre a subordinada⁶.

Así pois, prestamos atención agora ás relacións que se establecen entre o elemento hiperbólico cuantificador⁷ que aparece no elemento comparado e o elemento que cumpre a función de parámetro, de elemento de contraste, de patrón, que aparece no comparante.

O segundo elemento funciona como adxacente ó cuantificador comparativo (ou ben ó termo graduable seguido do núcleo comparativo). Para J. A. Martínez esta función é realizada mediante transposición adxectival, e para explicalo utiliza o seguinte exemplo:

Pedro es tan alto como lo era su padre

Afirma que prescindindo do segundo termo (T2) teríamos *Pedro es tan alto*, que mantén o seu nivel de oración e segue sendo comparativa⁸.

Para S. Gutiérrez Ordóñez (1992, p. 26) pártese dunha transposición adverbial e o *que* converte segmentos (oracionais ou non) en simples adxacentes de adxectivo, e continúa dicindo que o */que /3* ó que aludía Alarcos “actúa como transpositor adverbial de un segmento de discurso (oracional o no) que pasa a funcionar como término adya-

⁵ E. Alarcos, 1980 (3ª ed.), p. 206.

⁶ R. Rivara, 1990, p. 149. “Dans tous les cas, la structure de la principale exerce des contraintes sévères sur la structure de la subordonnée. La principale de ces contraintes réside en ce que la subordonnée doit renfermer un élément graduable dont le statut syntaxique et la fonction sont identiques à ceux de l’élément graduable de la principale.”

⁷ C. Hernández Alonso, 1984, p. 130.

⁸ J. A. Martínez, 1994, p. 161. “Si en el ejemplo:

Pedro es tan alto como lo era su padre
eliminamos por consabido el segundo miembro de la oración, lo que nos queda, *Pedro es tan alto*, no sólo es oración sino que sigue siendo tan comparativa como antes: a todas luces, lo eliminado, *como lo era su padre*, es un adyacente...”

cente de un adverbio o de un adxectivo de intensidade (*más, menos, mejor, peor...*). No satura función dentro do segmento subordinado”.

A. Freire Llamas (1996, pp. 375-386) afirma que na base desta consideración estaría a identificación de elementos nucleares, constantes e imprescindibles fronte ós adxacentes que serían variables e prescindibles e que esta identidade é discutible, que o feito de que un elemento sexa adxacente implica que se pode prescindir del, e, que, por conseguinte, se se pode prescindir de T2, na mesma medida poderíase considerar que o cuantificador tamén se pode omitir “tan prescindible es el segundo segmento como el cuantificador porque ambos elementos son variables con respecto a la estructura copulativa” e para explicalo mostra o exemplo reducido ás súas constantes:

“Pedro es alto”.

Se no exemplo seguinte:

A nena é máis/menos/tan nova có/coma o neno

prescindimos de T2 por ‘consabido’ ou porque a comprensión do enunciado non se ve perturbada por esta ausencia, temos:

A nena é máis/menos/tan nova

onde se segue a mante-lo valor significativo da comparación, aínda que, desde o punto de vista sintáctico haxa tendencia a nivela-lo esquema da estrutura comparativa.

O cuantificador tamén pode suprimirse en contadas ocasións⁹. Retomando o exemplo anterior teríamos:

**A nena é nova có neno* ou **A nena é có neno*

onde non parece que se poida mante-lo concepto de gramaticalidade da oración resultante, pero no caso da comparación de igualdade sucede o seguinte: se prescindimos do elemento cuantificador temos:

A nena é nova coma o neno ou *A nena é coma o neno*

no primeiro caso o resultado segue a se-la comparación pois o feito de prescindir ocasionalmente do elemento cuantificador supón que é o núcleo comparativo o que leva implícita a cuantificación. No segundo caso, non conserva o seu carácter comparativo e aparece con máis claridade o valor modal.

Vemos pois que existe, por unha parte, unha relación de carácter endocéntrico¹⁰ entre o cuantificador e o núcleo comparativo, funcións que, circunstancialmente, poden recaer nun só elemento e unha relación de necesidade referencial mutua, de carácter exocéntrico, deste ou estes elementos co segundo termo da comparación –mesmo no caso

⁹ C. Hernández Alonso, 1984, pp. 129: “en raras ocasiones, el cuantificador puede suprimirse”.

¹⁰ Para a explicación do carácter endocéntrico e exocéntrico ver G. Rojo e Jiménez Juliá, 1989, pp. 100 e ss. e Jiménez Juliá, 1992, pp. 177-200.

de ser omitido— que nos leva a considerar que entre os dous termos da comparación hai unha relación de interdependencia.

4. OS NEXOS COMPARATIVOS NA CRÓNICA TROIANA

A clasificación dos graos de comparación normalmente está representada polos tres graos de intensidade: superioridade, inferioridade e igualdade.

Estes tres graos de intensificación que se manifestan en relación a unha medida que serve de base, de patrón tende a ser simplificada nun sistema binario:

COMPARACIÓN	
IGUALDADE	
DIFERENCIACIÓN	SUPERIORIDADE INFERIORIDADE

Cadro 2

De acordo con isto, os nexos de comparación da *Crónica Troiana*¹¹ podemos clasificalos da seguinte maneira:

DIFERENCIACIÓN	
SUPERIORIDADE	INFERIORIDADE
MAYS/MAIS QUE	MENOS/MEÏS QUE
MELLOR/MILLOR QUE	PEOR QUE
MAYOR QUE	

Cadro 3

IGUALDADE	
ASSÝ/ ASSI CÔMO	MIJSMO / MEESMO QUE
ATÃ/TÃ/TAN CÔMO	*TAMAÑO QUE
ATÃTO/TÃTO/TANTO CÔMO	*CAMAÑO

Cadro 4

*As formas *tamaño* (< TAM MAGNU(S)) e *camaño* (< QUAM MAGNU(S)) estaban aínda vivas na lingua como cuantificadores aínda que posteriormente sufriron un proceso de transcategorización.

¹¹ Cito pola edición de Ramón Lorenzo, 1985.

4.1. A diferenciación

4.1.1. *Mays ...ca/ que/ do que*

Presenta, no primeiro termo vacilación na grafía: *mays / mais*, (a primeira é a forma que aparece con maior frecuencia).

O elemento cuantificador pode actuar sobre, un substantivo, un adxectivo, un verbo ou un adverbio.

Actúa sobre un substantivo

1... et mays deseñ gerra que paz. (244:25:28)

CDIR

A estrutura comparativa leva, frecuentemente, unha forte carga de subxectividade que se manifesta na orde dos elementos constituíntes. Neste exemplo témo-lo seguinte esquema:

CC + V + NC + T2

En T1 o cuantificador comparativo precede ó verbo mentres que o núcleo da comparación é desprazado. En T2 o nexo comparativo *que* non esixe a presenza inmediata do segundo termo porque neste tipo de comparativas non é parámetro de comparación. Para J. A. Martínez “es un sintagma, un signo no dependiente y por lo tanto totalmente equiparable en categoría y función con el primer término de la comparación”¹².

2. Señor, aquí ño sse uolua mays peleia, ñe nos digã mays vilanja da que auemos //oýda. (296: 5: 106)

CDIR

CDIR

O primeiro termo presenta dúas cláusulas unidas pola conxunción copulativa *ñe* que aparece en moitas construcións nas que sería esperable *y*. O segundo elemento, T2, é introducido por *da que*. É frecuente que o nexo sexa *do que* en construcións deste tipo, onde ten un significado próximo do partitivo.

3. Et sabede que njhú ño ualýa mays que el. (230: 8: 11)

CCIRC

A negación que aparece precedendo ó verbo puidera ser considerada de carácter expletivo xa que, ó noso entender a súa presenza é innecesaria, non engade valor negativo ó verbo.

Actúa sobre un adxectivo

4. ...era ben tallada et moy fremosa, et, segundo me Dayres //faz çerto, mays brãca foy que a neuve ñe que frol de lilio... (272: 2: 73)

ATRIB

ATRIB

Neste caso o verbo aparece desprazado, colocado despois de cuantificador e núcleo.

¹² A. Martínez, 1994, p. 125 “«artículo» y «gradación» o «comparación» son incompatibles.

Estamos ante unha expresión que pon de relevo o trazo semántico de cor (brancura) expresado polo adxectivo que constitúe o núcleo comparativo (NC).

5. Et, señora, //por uos seyr de uossa terra nõ uos queixedes, ca esta terra he mays uicosa et mays saborosa //que a uossa... (259: 42: 47)

ATRIB

Como xa vimos no exemplo anterior na *Crónica Troiana* era corrente o feito de encadear adxectivos en coordinación con *et* ou con *nẽ*, que poden aparecer tanto no primeiro coma no segundo termo.

6. ...ca seu rrostro era mays //fresco que (de) hũa rrosa quando nace.(278: 6: 86)

ATRIB

A presenza da preposición *de* debería acompañarse do artigo, co que se faría alusión a *rostro* como se fose un relativo, de non ser así é un elemento superfluo.

Actúa sobre un verbo

7. ...en quanto lle a uida durar, nõ lles querrá por njhũa //cousa leixar seu yrmão, que o amaua may[s] que a ssy meesimo (224: 99: 6)

CCIRC

A situación do cuantificador á beira do verbo fai que aquel incida máis directamente sobre este ca sobre o C. Dir. expresado polos pronomes (que saturan unha mesma función).

O marcador comparativo *que* nalgũa circunstancia deixa o seu lugar a *do que* introductor de cláusulas adxectivas ou de relativo; esta substitución que, nalgúns casos, pode producirse segundo a intención do falante, é obrigatoria cando figura un verbo no segundo termo de comparación.

8. Et el por ende quirria que nõ rrecebesedes mays // dãno nõ mays desonrra do //que rrecebestes. (493: 21: 263)

CDIR

9. ...quérouos agora mostrar hũa rrazõ: Vós sodes moy bon caualeyro //et moy onrrado et mays preçado de quantos oje ãno mũdo son. (523: 26: 293)

ATRIB

Ca en alternancia con *que*, *do que* aparece en contadas ocasións polo que a súa presenza é testemuñal, o termo maioritario é *que*. A escasa utilización de *ca*, que era moi empregada nesta época pode deberse ó feito de que esta obra é unha tradución.

10. Et en toda esta hoste nõ á õme que mais ualla ca uós en batalla... (476: 6: 248)

CCIR

11. ...et os da çidade nõ á cousa que mays temã ca uós. (476: 7: 248)

CCIR

En ámbolos casos a forma *ca* é empregada seguida dun pronome persoal en forma oblicua. Cando o pronome vai en primeira persoa do singular poden aparecer-las formas *eu* ou *min*, aínda que na actualidade prefírese *min*.

12. ...ca eu ueio muytos //treys et muytos príncipes mays ricos ca el... (496: 11: 267)
CDIR

13. ...que nũa //uira dona mays sesuda nẽ mais conprida de todo bem que Elena.
(655: 3: 417) CDIR

Actúa sobre un adverbio

14. Et sabede que acharõ a justa moy //aparellada et moy mays a cerca que hũa beesta podía tirar. (336: 237: 127) CCIRC

A forma *mays* aparece precedida polo adverbio intensificador *moy*, e ambos actúan como cuantificación do adverbio de lugar *cerca*. Estamos ante un exemplo de dous adverbios modificando a outro adverbio.

Na estrutura comparativa dous son os termos que se comparan, aínda que dentro de cada termo poden producirse outras relacións biclausais ou mesmo policlausais, nalgún caso.

En 5, 8, 12 e 13 temos coordinación no primeiro termo e en 2 hai coordinación no segundo.

4.1.2. Menos/meõs...que

O cuantificador *menos* que aparece nalgunha ocasión con vacilación entre oralidade e nasalidade é menos frecuente. Desde o punto de vista funcional equivale a *máis*.

15. Delón, que //sse nõ preçaua menos que seus yrmãos, foy ferir entre tódolos gregos a Polísamo (341: 20: 128) CCIRC

Incide sobre o verbo. Neste caso estamos ante un comparativo de inferioridade que polo seu significado non é tal, xa que como dixemos anteriormente, a negación de *menos* (*nõ menos*) implica a igualdade ou o grao superlativo.

16. ...demais //he y Pirius, o ardido et hurguloso, que pouco ual menos en armas que seu padre //Achiles. (627: 23: 386) CCIRC

O adverbio de intensidade tamén admite a presenza dun cuantificador. *Pouco menos val en armas...* A alteración da orde lóxica dos funtivos na estrutura comparativa prodúcese cunha finalidade determinada: introducir variacións de estilo na mensaxe.

17. (Troylos) nõ he mõos ardido, nõ ha mẽor força que seu yrmão //Éytor, nõ mõiõs esforçado, nõ mõiõs orgulloso, nõ mõiõs ualçt, nõ mõiõs cõprido de bonda, nõ sse cõbate peor que el. (534:15:303)
ATRIB CDIR
ATRIB
CCIRC

Neste caso temos una estrutura multipolar pois é un encadeamento de cláusulas coordinadas mediante o nexa copulativo *nẽ* e nas que hai que cataliza-lo verbo tomando o da primeira.

En 17 o feito de manifestar que *Troylos nõ é mẽos ardido que Éytor* implica que como mínimo é *tan ardido coma el..*, co que saímos da inferioridade para situármonos no plano da igualdade¹³ ou mesmo na superioridade, o que produciría unha certa confusión e que pide ser obxecto dun estudio máis profundo.

4.1.3. Mellor...ca/que

O comparativo orgánico ou comparativo sintético (pois esta é a denominación que se lle vén dando nas gramáticas galegas xa mencionadas ó longo deste traballo, está representado polas formas derivadas dos comparativos latinos en -IOR, -IUS.

A función sintáctica que desempeña é a mesma cá de *mais ... que/ menos ... que*.

18. Et diz a //estoria que el fezo mellor et gãanou y mellor preço que os mellores tres que y uẽerõ (484: 53: 253) CDIR

19. Et a cárcoua, que foy toda danada, foy depouys //çen tãto mellor feyta que ante fora. (231: 9: 13) CCIRC

Incide sobre o verbo

O cuantificador recibe a modificación dun numeral e dun indefinido. É frecuente tamén o caso da presenza dun adverbio de cantidade como : *pouco, moito, bastante*.

20. A mĩ semella outra mellor rrazõ que a que uõs auedes dita... (245: 3: 29) ATRIB

21. ...et mellores á çna hoste ca el. (496: 12: 267) CDIR

Temos *ca* como segundo elemento, en alternancia con *que* aínda que esta última é a forma maioritaria.

22. Et nõca //nihũ rrey fuy mellor rreçebudo, nõ mais honrradament, en seu rreyno ca el. (721: 29: 493) CCIRC CCIRC

23. Sabede que dos de Troya nõ auja //y mellor caualleyro nõ mays vrguloso, senõ, Éytor. (275: 13: 77) CDIR

O segundo termo da comparación é introducido por *senõ*. Esta forma non funciona como nexa de comparación inserta no segundo segmento, pero a estrutura do primeiro termo e a caracterización semántica lévannos a esa consideración, non vemos que sexa moi doado introducir nesta frase unha contraposición (ese é o verdadeiro significado de *senón*).

¹³ S. Gutiérrez Ordóñez, 1994, pp. 16-17.

24. Et eu ben sey, ... que me cõsellades o mellor que uós sabedes et entededes
(525: 6: 294) CDIR

J. A. Martínez consideraba que o artigo era o principal obstáculo para a comparativa.

Cando o artigo entra a formar parte da estrutura comparativa o transpositor que marca a comparación convértese en pronome relativo, o que leva consigo a perda do carácter comparativo da estrutura.

4.1.4. *Peor...ca/que*

Realiza a mesma función ca *mellor*:

25. ...ca sabía que ño mûdo nõ auía //cousa que lle peor quisese ca el, porque o prenda sen mereçemento (742: 3: 514) CCIR

Aparece tamén nesta construción o *ca* comparativo en alternancia con *que*.

26. ...sabede que estes que nõ//erã dos peores que ãna oste auía (536: 3: 305)
SUPL

4.1.5. *Mayor...ca/que*

Mostra as mesmas funcións cós dous últimos:

27. ...et sodes mays ardidos et mays leaes et esforçados et vrgullosos //et mays fidalgos et de mayor ualor que tódoslos que eu sey. (217: 21: 3)
ATRIB

28. ...ben sabedes //uós que o feyto de armas he mayor de cuántoslos outros son,
(244: 11: 28) ATRIB

Actúa o cuantificador sobre o suxeito (feito de armas). O substantivo é modificado por un adxacente (de + subst).

Maior de... expresa o grado máis elevado dunha escala e está próximo de superlativo (*o maior de todos*).

29. Et nõ oyue eu delo //mayor parte que o mais pequeno que ãna hoste auía.
(672: 21: 443) CDIR

Nesta estrutura establécese a comparación e négase a acción do verbo (haber), de tal forma que a negación de “*mayor parte*” supón “*tanto coma a mínima parte ou menos que a mínima parte*”.

4.2. Igualdade

4.2.1. *Tã(to)/tanto ... cõmo*

Presenta, como no resto das formas vistas con anterioridade unha grande vacilación oral/nasal propia desta etapa da lingua: (*tan, atã, tã, tanto, tãto*, e as súas variantes de xénero e número).

30. ...nō ualýa tãto nehú ãno corpo cōmo el, nẽ en que menos crueza //ouuesse,
(276: 6: 81) CCIRC CDIR

O mesmo ca nas construcciõs anteriores a frase comparativa, nestas de igualdade cumpre unha función no ámbito da cláusula na que se integra.

31. ...nũca home naçe //que tã amado fosse, cōmo el amauã et seruíã en Troya
(274: 26: 75) ATRIB

Nesta estrutura establécese a comparación e négase a acción do verbo (haber), de tal forma que a negación de “*mayor parte*” supón “*tanto coma a mínima parte ou menos que a mínima parte*”.

32. ...[tódaslas donas et donzelas] seu bon parecer fosse todo juntado en hũ, todo aque[] bon parecer nō sería tãto cōmo Polícena soa aujá... (279: 20: 86)
ATRIB

33. ...nuca òme tã sandiament amou cōmo //eu amey, nẽ amarã ia mays.
(498: 12: 269) CCIRC

34. ...partir cō nosa honrra et leyxar este ffeyto tã grande que tẽemos cōmeçado // tã [ui]ment cōmo agora disestes et cõsellastes a todos. (502: 25: 273)
CCIRC

35. ...as azes erã muy grandes, tã bẽ// dũa parte cōmo da outra... (506: 14: 278)
ATRIB

36. ...tã espesas caým as seetas cōmo as follas da áruore quando caẽ ameúde //cõ el grã uento (519: 23: 288)
CPRED

37. ...ãno //mũdo nō ha tã grã coyta cōmo do que ha bon prez... (524: 61: 293)
CDIR

38. Et eu sobre esto nō uos farey //longa rrazó, ca tã ben o ssabedes cōmo nós ou mellor. (523: 6: 293) CCIRC
CCIRC

39. ...nō seias tã descriúda nẽ tã falyda cōmo es cõtra el (542: 61: 309)
ATRIB

40. ...nō ha eno mũdo moller tã coyhada cōmo eu sōo. (259: 49: 47)
CDIR

41. Et o caualo era todo rrodado de mãchas, hũas tã brãcas cōmo a neue et outras tã negras cōmo azaueches (393: 19: 171) ATRIB
ATRIB

42. ...et que faça tãto porla honrra et porla prol de la rreýna cõmo farey //porla mĩa meesma. (574: 10: 339) CDIR

4.2.2. *As estruturas construídas con tal... como*

Figuran asimiladas as construídas con **tal... como**, aínda que non son tan frecuentes.

43. ...sodes tã ardido et tã prestes que moyto a çerca estades de fazerdes tal ou peor //cõmo el fezo (531: 17: 298) CCIR

44. Mais nõ fuj ãno mũdo quen uisse tal dãnno, nõ tal matança, nõ tã desmesurada //cõmo alý fuj en gregos aquela uez. (512: 181: 279) ATRIB

4.2.3. *Tamaño*

Conserva aínda un significado próximo do seu étimo:

45. ...nõ aujá outra coyta tamaña senõ cõmo uos auerýa ende fora. (425: 16: 203) CDIR

5. AS FALSAS COMPARATIVAS

Consideramos falsas comparativas aquelas estruturas que semanticamente e formalmente poderían ser consideradas comparativas pero que desde o plano sintáctico a carencia de certos requisitos obriga a buscar outra clasificación.

5.1. *Assý ... cõmo*

46. ...moytas burzesas moy fremosas //andauã fogindo perlas cales, assý cõmo mortas. (226: 5: 7)

47. Et ben he assý cõmo rramo de trahedor todo home que a sseu señor encobre //sua perda ou seu dãnno ou o cõsella mal (249: 7: 35)

48. Et cõtoulle logo sua //fazẽda, assý cõmo el mellor soubo (253: 22: 40)

49. Et, por Deus, donas, nõ choredes, //nẽ façades tal doo, ca todo assý seerá cõmo uos eu digo, que nõ faleçerá ende //nada. (259: 19: 47)

50. Et foy sobre el cõ çẽ //caualeyros, assý cõmo aquel que era moy ardido et moy sañudo. (329: 55: 127)

51. Et forõ topar assý cõmo ýan cõ os de Liça, que queriã //liurar a Éytor (329: 47: 127)

5.2. Quanto ... tanto

52. Ca, sen falla, prazerlle ya do meu dâno et, quanto o meu //mal fose mays sobeio, tâto ende ela sería mays gouçosa et quiría que fose çẽ tâto mais (490: 21: 261)

53. Et entâto dy a teu señor que este //feyto nõ fícará per ñ et que ajudarey y quanto poder, cõmoquer que me el aia muy //malcõfunduda (494: 6: 264)

6. ELISIÓN DE ELEMENTOS NAS ESTRUCTURAS COMPARATIVAS

A omisión dalgún dos constituíntes das estruturas comparativas (e tamén doutras estruturas non comparativas) é un feito recoñecido polos gramáticos. Tamén se pode comprobar que se produce con maior frecuencia no segundo termo ca no primeiro. As dificultades xorden á hora de somete-lo discurso a unha análise, e non no momento de creación dos enunciados obxecto da análise.

B. Rodríguez (1983, pp. 97-127) admite a necesidade de restituír elementos que foron eludidos no discurso¹⁴. Esa recuperación de elementos foi denominada por Hjelmslev *catálise*.

J. A. Martínez (1994, p. 118) advirte que esta catálise de elementos elididos, “da como resultado construcciones de una validez más que dudosa”.

Alcina-Blecua advertiron da dificultade que levaba emparellada o feito de restituír elementos que non foron expresados no momento da produción da mensaxe para evita-la “afectación” ou o “arcaísmo”¹⁵.

Para Martínez Álvarez (1985, p. 126), “Catalizar en las construcciones comparativas un sintagma verbal eludido es a veces tan inútil como lo pretendido al afirmar que en *Los niños y las niñas juegan* hay dos oraciones conectadas (Los niños juegan y las niñas juegan), cuando es más simple establecer la conexión sólo dentro del grupo sintagmático”.

A elipse e a elisión de constituíntes posibilitan a recuperación de elementos omitidos, o que non sucede no caso da deleción¹⁶.

Gutiérrez Ordóñez (1992) propón que o uso da *catálise* se faga segundo unhas normas tendentes a evita-lo seu uso abusivo: as condición básica para a súa utilización virá dada pola necesidade de compensar carencias do sistema, e sempre que a súa aplicación non provoque cambios semánticos ou sintácticos e se cumpra a condición de que a elisión do funtivo que logo se recupera se poida explicar pola teoría. Para el a xustificación

¹⁴ Véxase tamén Brucart (1987).

¹⁵ Alcina, J.- Blecua, J. M., *Gramática española*, Ariel, Barcelona, 1975.

¹⁶ Bresnan, J. W. “Comparative deletion and constraints on transformations”, *Linguistic Analysis*, 1, 1, 1975, pp. 25-74; Napoli, D. “Comparative ellipsis: a phrase structure analysis”, *Linguistic Inquiry*, 14/4, 1983, pp. 675-694.

da catálise está no principio de economía da linguaxe. Así, afirma (1994a, p. 25) “Existe una razón general: el montaje de un discurso procura –siempre que no haya otras razones– realizarse bajo la inspiración de la gran **ley de economía**”.

Na *Crónica Troiana* observámo-los seguintes tipos de elipse:

6.1. Elipse no primeiro termo

En T1 pode haber elipse de certos constituíntes, aínda que é menos frecuente ca en T2. As que aquí atopamos establécense partindo da relación temporal:

54. ...nõ poderá achar (*máis adiante) quen os ame tã fielment cõmo os eu amarey des oie este día //endeante. (492: 21: 262)

55. ...tã espesas cayã as seetas (*naquel intre) cõmo as follas da áruore quando caẽ ameúde //cõ el grã uento. (519: 23: 288)

56. ...se (*nese momento) me eu nõ metera a atã grand afãm cõmo me eu metí, //eýnda oie Troya esteuera sãa, (671: 17: 442)

6.2. Elipse no segundo termo

En T2 a elipse é, como xa dixemos anteriormente, moi frecuente, a desaparición do núcleo do predicado témola nos seguintes exemplos:

57. ...seu rostro era mays //fresco que (de) hũa rosa (*é) quando naçe. (278: 6: 86)

Neste caso o que se recupera é o verbo copulativo.

58. ...nõ ha caualeyro que //tãto ualla en armas cõmo (vale) Troylos, (534: 12: 303)

Produciuse a elisión do núcleo do predicado e necesitamos recuperar un verbo xa que de non ser así sería moi difícil poder establece-la función sintáctica do sintagma (Troylos).

59. ...nẽ sse cõbate peor que el (*sse combate) (534: 15: 303)

O suxeito neste caso é un pronome persoal.

O núcleo do predicado é elidido naqueles casos en que coincide co lexema de T1¹⁷.

60. ...nõ// cõsintirey por nehũa maneyra que sobre nós aia Agamenó tã grã señorío cõmo (el) ha (*señorío) (369: 37: 150)

Nesta estrutura aparece o núcleo do predicado pero faltan os outros constituíntes, suxeito e o complemento directo.

61. ...nõ me preço meos que (*os preçades) uós,... (383: 108: 157)

62. Pero ben sey que a nõ pode trager mellor caualeyro que uós,... (430: 129: 204)

¹⁷ S. Gutiérrez Ordóñez, 1992, pp. 12-20, a lei da economía da linguaxe aplicase ós casos en que hai simetría, coincidencia de funitivos (54-57), pero tamén nos casos nos que non se produce esa coincidencia (58).

Estamos ante un caso de deleción no que non se pode repoñe-lo verbo do segundo segmento, (*traer). *Que uós* non admite reposición do verbo pero tampouco se pode considerar como unha «construcción non oracional». Este tipo de construcións na que un elemento non depende do outro, nin actúa como modificador podemos denominala frase conxuntiva¹⁸. Esta estrutura tería unha consideración semellante á que Rojo-Jiménez Juliá establecen para a que eles chaman frase prepositiva¹⁹, se ben, teremos en conta a diferenza en canto á función de cada frase dentro do conxunto, pois a frase preposicional non pode actuar como nexo.

7. CONCLUSIÓN

A lingua galega coñeceu na época medieval un grande esplendor literario, pero desde o punto de vista lingüístico estamos nun momento no que se están a producir cambios: os nexos das estruturas comparativas aparecen escritos de formas diferentes. Hai vacilación en *tan* (con nasalidade *tã*, sen nasalidade *tan*, precedida de *a-* *atã*), *como* (*cõmo* ou *como*), *máis* (*mays* ou *mais*), *mellor* (*mellor* e *millor*), *mesmo* (*meesmo* e *mijsmo*).

As formas *tamaño* e *camaño* conservan aínda o seu valor comparativo que tiñan no latín aínda que con posterioridade produciuse un cambio de significado.

O sistema comparativo do galego medieval é abondoso en formas o que lle proporciona á lingua unha riqueza expresiva propia desta época, As estruturas que aparecen con maior frecuencia son as que se constrúen con *mays ... que* (e as súas variantes) e *tan/ tanto ... como* (tamén coas súas variantes), o que mostra un predominio no uso das formas analíticas sobre as sintéticas.

A forma comparativa de T2 *ca* aparece en contadas ocasións, sendo *que* a forma maioritaria. Non recollemos ningún caso de emprego de *coma* como nexo comparativo.

A orde de palabras da estrutura comparativa non é, ó noso entender, determinante da súa función no interior da cláusula. En T1 o NC pode preceder ou seguir ó CC, e estes dous funtivos poden ir colocados en proximidade ou destacados. No segundo termo o parámetro de comparación soe ir en proximidade do nexo.

Na estrutura comparativa é frecuente a elisión dalgún funtivo (máis frecuente en T2 *ca* en T1) que pode ser recuperado mediante a *catálise* pero a utilización desta non pode ser un recurso ó que acudir sen ningún criterio. Por outra parte, a reposición do núcleo ou de calquera outro elemento non é obrigatoria e, nalgún caso, mesmo é imposible (59), polo que o tema da elipse necesita un estudio máis amplo.

¹⁸ I. Bosque, 1989, p. 65.

¹⁹ G. Rojo-T. Jiménez Juliá, 1989, p. 122, “El segundo tipo de frases se caracteriza por presentar una estructura exocéntrica, esto es, son construcciones en las que sólo puede haber dos constituyentes al nivel más alto y esos dos elementos se exigen mutuamente, de tal forma que ninguno de ellos aisladamente es capaz de desempeñar la función que realiza el conjunto.”

A relación entre os dous termos de comparación é de necesidade mutua, polo que se dá un tipo de relación exocéntrica.

O contido da *Crónica Troiana* pide, polas súas características específicas un tipo de estrutura adecuado á expresión da hipérbole: acontecementos sublimes, grandes batallas, grandes conquistas, imaxes de destrución total... A estrutura comparativa permite parangonar dous ou máis feitos polo que o seu emprego se adecúa perfectamente á intención do autor.

BIBLIOGRAFÍA

- Alarcos Llorach, E. (1980) , *Estudios de Gramática Funcional del Español*, 3ª ed., Madrid, Gredos.
- Alcina, J.-Blécula, J. M. (1975), *Gramática española*, Barcelona, Ariel.
- Álvarez, R., Regueira, X. L. e Monteagudo, H. (1986), *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia.
- Bolinger, D. L., “The comparison of inequality in Spanish”, *Language*, 26, 1, 1950, pp. 28-62.
- Bosque, I. (1989), *Las categorías gramaticales*, Madrid, Síntesis.
- Brucart, J. M. (1987), *La elisión sintáctica en español*.
- Carballo Calero, R. (1976), *Gramática elemental del gallego común*, 6ª ed., Vigo, Galaxia.
- Carré Alvarellos, L. (1967), *El habla gallega*, A Coruña, Moret.
- Gili Gaya, S. (1973), *Curso superior de Sintaxis Española*, Barcelona, Vox.
- Gutiérrez Ordóñez, S. (1992), *Las odiosas comparaciones*, Logroño, Gobierno de La Rioja.
- (1994a), *Estructuras comparativas*, Madrid, Arco.
- (1994b), *Estructuras pseudocomparativas*, Madrid, Arco.
- Klein, E., “The interpretation of adjectival comparatives”, *Linguistics*, 18, 1982, pp. 113-116.
- López García, A., “La comparación en español: estructura fraseológica y estructura oracional”, en *Serta Philologica F. Lázaro Carreter*, 1, 1983, pp. 315-327.
- Lugris Freire, M. (1922), *Gramática do idioma gallego*, A Coruña, Zincke Hnos.
- Martínez García, H., “La relativa relatividad de cuanto”, *Homenaje ‘in memoriam’ I. Corrales Zambrano*, 1, 1987, pp. 309-318.
- Martínez García, J. A. (1994), *Cuestiones marginadas de gramática española*, Madrid, Istmo.
- Narbona, A., “Sobre las oraciones bipolares”, *Alfinge*, 1, 1983, pp. 121-139.
- Prytz, O., “Construcciones comparativas en español”, *Revue Romane*, 14, 2, 1979, pp. 260-278.
- Real Academia Española (1973), *Esbozo de una Nueva Gramática de la Lengua Española*, Madrid, Espasa Calpe.
- Rivara, R. (1990), *Le système de la comparaison*, Paris, Eds. du Minuit.
- Rodríguez, B., “Sobre las lagunas del enunciado: elipsis y catálisis”, *Contextos*, 1, 1983, pp. 97-127.
- Rojo, G. *Cláusulas y oraciones*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1978.
- Rojo, G.- Jiménez Julia, T., “Fundamentos de análisis sintáctico funcional”, *Lalia*, 2, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Saco y Arce, J. A. (1868) , *Gramática Gallega*, Lugo.
- Santamarina, A., “Contribución para un estudio das partículas comparativas *que = ca* e *como = coma* en galego”, *Verba*, 1, 1974, pp. 16-30.
- Valladares, M. (1970), *Elementos de gramática gallega*, Vigo, Galaxia.